

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36010666	CEIP Plurilingüe San Salvador	Vigo	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	8
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	9
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	9
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	9
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	9
o) Outros apartados	10

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O noso centro educativo consta de dúas etapas: Educación infantil e primaria.

Como obxectivos do noso centro temos:

1. Desenvolver a personalidade d@s alumn@s para que fomentemos a capacidade de observación, discernimento e enxuzamento crítico sobre todo, fronte aos medios de comunicación , as redes sociais , internet...co fin de encamiñar o noso alumnado á adquisición das competencias básicas.
2. Manexo da Aula virtual.
3. Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
4. Pretendemos que o alumnado aprenda a respectar:
 - Na aula: solicitando e respectando a quenda de palabra establecida e seguindo as medidas de hixiene e seguridade establecidas.
 - Nos corredores e dentro do colexio: a orde de entradas e saídas por cursos, respectando a distancia entre filas, non berrar nin correr,etc
 - Nos patios: as instalacións deportivas, os espazos verdes, procurando mantelo limpo co uso das papeleiras, buscando que sexa un espazo de respecto e convivencia positiva, fomentando a igualdade de xénero e a non discriminación e respectando o espazo de xogo de cada grupo-clase.
5. Desenvolver hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como, coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos desenvolvendo técnicas de subliñado, esquemas, resúmenes, apuntes e toma de notas que faciliten a adquisición de contidos. Fomentar e potenciar o traballo en proxectos tanto a nivel centro como a nivel aula.
6. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural así como para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
7. Potenciar o respecto ao entorno e a conservación do medio ambiente, fomentando actitudes ecolóxicas de aforro de materias primas e enerxía, así como reutilización e aproveitamento de diversos espazos do colexio.
8. Aprender a usar, gozar e coidar dos bens e servizos comúns.
9. Coñecer as mensaxes básicas da circulación viaria.
10. Descubrir e dar prioridade ao valor do ser fronte ao valor de ter, na toma de decisións sobre o consumo. Garantir unha autonomía persoal fronte ao consumismo.
11. Recoñecer e sensibilizarse coas persoas e pobos que carecen dos recursos básicos mostrando unha actitude xenerosa e solidaria.
12. Desenvolver e afianzar hábitos autónomos de coidado e de saúde persoal, así como o gusto pola actividade física.
13. Reforzar a autonomía e a autoestima como bases para construír un proxecto de vida saudable.
14. Descubrir, potenciar e desenvolver a totalidade das potencialidades ou capacidades persoais, sen se deixar influir ou mediatizar por ningún tipo de condicionante ou de limitación de carácter sexista, cultural, racial ou físico.
15. Aceptar, respectar e valorar as características , cualidades e identidade de xénero doutras persoas sen deixarse influir por ningún tipo de actitude discriminatoria, fomentando a igualdade.
16. Canalizar a agresividade da persoa cara o ben e o pensamento positivo.
17. Sentir a satisfacción que produce a relación de confianza, de respecto e colaboración cos demais.
18. Construír e potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, nas nosas relacións cotiás.
19. Recoñecer situacións de conflito, sendo capaces de tomar decisións para solucionarlas de forma creativa e non violenta a través do diálogo.
20. Desenvolver o interese na diversidade de persoas e culturas, actuando sempre cunha actitude aberta, respectuosa e tolerante.
21. Coñecer e potenciar os dereitos humanos.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

A relación de competencias tanto para educación infantil e primaria son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística - CCL
- Competencia plurilingüe - CP
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería - STEM
- Competencia dixital - CD
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender - CPSAA
- Competencia cidadá - CC
- Competencia emprendedora - CE
- Competencia en conciencia e expresión cultural - CCEC

Consideramos todas importantes de conquistar (de feito moitas veces solapanse e interactúan entre elas), xa que a adquisición do conxunto delas representa a educación integral do neno/a. Teñen un carácter transversal favorecendo o enfoque globalizador.

Nas competencias incorporáronse destrezas esenciais, como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as destrezas de comunicación negociación, as destrezas analíticas, a creatividade e as destrezas interculturais. Estas facilítanlles ás nenas e aos nenos o descubrimento, o coñecemento e a comprensión da súa realidade, que abarca, entre outros, a contorna e os obxectos, as organizacións e relacións sociais e as distintas linguaxes para comunicar dunha maneira respectuosa e creativa as súas ideas, intencións ou vivencias.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Tanto para E.Infantil como para E.Primaria, os criterios para incorporar os elementos transversais serían os seguintes:

1. Atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Tamén se incluírá a educación en valores.
2. Incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde.
3. Favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.
4. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.
5. Promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
6. Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación

emocional e en valores.

7. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

8. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

6. O centro fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Tanto para E.Infantil como para E.Primaria, os criterios xerais sobre a metodoloxía son:

Partiremos sempre dunha perspectiva globalizadora e unha aprendizaxe significativa, tendo en conta os intereses do alumnado, proponendo actividades motivadoras e vivenciais para que os propios nenos/as sexan os que experienten, observen e investiguen, quedando o papel do mestre/a como mero orientador no proceso de ensino-aprendizaxe.

Ha de ser vivencial, partiremos da contorna máis inmediata ata a máis lonxana, aproveitando situacións que se dan na vida diaria do centro.

Consideramos a familia parte esencial no proceso de ensino-aprendizaxe, polo que as relacións deberán ser fluídas e contínuas, unificando criterios e pautas de actuación entre os adultos que interveñan na educación dos alumnos/as.

Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias; os contidos esenciais deberán ser considerados e analizados desde a óptica da utilidade para formar cidadáns cos perfís necesarios para moverse con adecuación, responsabilidade e liberdade no mundo actual.

Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversos e conseguindo que os nenos desenvolvan diversos xeitos de actuación e adquiren a capacidade de enfrontarse a situacións novas.

Procurar que o alumnado aprenda a aprender (participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo).

Favorecer o traballo cooperativo e a práctica vivenciada da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.

Fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información.

Establecer un clima de aceptación e de apoio mutuo entre os nenos.Os modelos de ensino- aprendizaxe deben atender á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente coma na selección de contidos,obxectivos...

Cómpre utilizar, pois, métodos que lles permitan identificar a necesidade de información, localizala, seleccionala e recoñecer as fontes e os recursos máis

apropiados, así como responsabilizarse do seu uso ético e adecuado. Son precisos enfoques didácticos que lle permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

No desenvolvemento da autonomía na aprendizaxe inflúen aspectos como que o alumnado encontre sentido ao traballo que debe realizar, o coñecemento dos obxectivos e finalidades que se pretenden acadar, a consciencia dos propios erros e a busca de recursos necesarios para superalos.

O rol do mestre é moi importante: actúa como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes; utiliza contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando o interese e a utilidade do que aprende, de maneira que poidan transcender do contexto no que se produciron e ser aplicadas a contextos múltiples; crea un contorno seguro e un ambiente motivador.

O mestre/a terá en conta os saberes previos do estudante, os intereses dos estudantes e deberá ofrecer acompañamento no aprendizaxe.

Estimulamos a creatividade.- Favorecemos o desenvolvemento das competencias clave aproximándonos ao contexto de diferentes maneiras para potenciar as diferentes intelixencias dos nosos alumnos. queremos despertar a observación e o gusto creativo nas aulas e nas actividades que se organizan no centro

Descubrimos as nosas raíces e acollemos a diferenza.- Somos unha sociedade pluricultural e por tanto o noso centro tamén, é importante respectar e valorar as nosas e as tradicións dos nosos semellantes como fonte de riqueza

Ensinamos a comunicarnos e promovemos o plurilingüismo, respectando as idades dos noso alumnado e adecuando os obxectivos, contidos e criterios da avaliación a eles.

Favorecemos a vivencia de situacións nas cales sexa necesario narrar, dialogar, expor ideas, sentimentos, emocións, puntos de vista para favorecer a adquisición da competencia lingüística.

.Coordinación entre etapas para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva desde a educación infantil á educación primaria e desde esta á educación secundaria obrigatoria, os centros docentes establecerán mecanismos para favorecer a coordinación entre diferentes etapas.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O Centro ofrece unha gama variada e estimulante de obxectos materiais e dixitais (Polos Creativos).

Os criterios que temos, tanto para Infantil como para Primaria, respecto aos materiais e recursos didácticos:

Teñen que permitir o desenvolvemento integral do alumno/a en todas as súas facetas (física, afectiva, social, cognitiva e moral).

Que sexan variados e estimulantes

Que permintan manipular e experimentar.

A súa localización na aula debe estar: ao alcance do alumnado.

Debe ser abundante.

Aparecerá agrupado segundo as actividades.

Que faciliten o achegamento ás novas tecnoloxías.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade son:

- Radio e TV(nova creación)
- Biblioteca (PLAMBE).
- Contratos Programa (PROA +)
- Plurilingüe
- Plans Proxecta.
- Polos Creativos
- Faro Escola
- Rede de Hortas Escolares

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Os criterios para o deseño das actividades complementarias son:
Que teñan un grado de interese didáctico.
Que sexan gratuítas, a ser posible.
Que sexan aptas para a idade do alumnado.
Que ofrezan un obradoiro,charla...
Que sexan activas, dinámicas, que fagan partícipes ao alumnado.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Os criterios serán os seguintes:
- Ter un grao de desenvolvemento de competencias básicas que non se atope acorde co seu grupo de idade.
- Presentar dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais e cande se estime que, coa axuda do programa de reforzo, poidan superala.
- Alumnos/as que presenten desmotivación e ausencia de estratexias de aprendizaxe adecuadas.
- Ser alumnado con dificultades de aprendizaxe cuxas familias non poden prestarlle apoio suficiente na actividade escolar.
-Ser alumnado inmigrante, pretencente a etnias ou en situación de desvantaxe social que presenten dificultades anteriormente citadas.
En termos xerais, este reforzo será impartido polo titor/a e, cando as condicións o permitan, colaborará outro profesorado en coordinación coa titora ou titor; nestes casos, será a Xefa de estudos que, seguindo os criterios de priorización, tome a decisión de apoiar a ese alumno/a cun mestre/a con dispoñibilidade horaria

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

A permanencia no mesmo curso considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que o alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, aínda que non é vinculante, deberá ser oída e terá, en todo caso, carácter excepcional (Artigo 6 da Orde do 25 de xaneiro de 2022).

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Os criterios xerais para a avaliación do alumnado son os seguintes:

- A avaliación é continua e global, na medida en que forma parte dos procesos de ensino e aprendizaxe; e ten carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento no que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir as adquisicións das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

- A avaliación é progresiva, xa que en cada momento do curso, estase a traballar e avaliar todo o impartido anteriormente.

- Realízanse polo menos, tres sesións de avaliación parciais ao longo do curso, unha avaliación inicial (no primeiro mes) e unha avaliación final.

- A Avaliación das competencias está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

- A cualificación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións ordinarias.

Os criterios de promoción e de titulación xerais son os seguintes:

- Ao finalizar os cursos de 1º, 3º e 5º de educación primaria a promoción é automática.

- En 2º, 4º e 6º de educación primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor (Artigo 6 da Orde do 25 de xaneiro de , pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia).

- O profesorado titor, asesorado polo resto do equipo educativo do grupo, propondrá na avaliación final do alumnado dous alternativas respecto ao seu proceso de aprendizaxe:

- **Avaliación positiva PROMOCIONAN:**

- Rendemento adecuado: Cando o alumnado teña obtido unha valoración positiva en todas as competencias, segundo os criterios de avaliación establecidos para cada unha delas por curso.

- Rendemento inadecuado: Cando o alumnado non teña obtido unha valoración positiva nas competencias (sempre que non sexan as matemáticas e lingüísticas).

- **Avaliación non positiva NON PROMOCIONAN:**

- Rendemento insuficiente: Cando o alumnado non teña superado os obxectivos referidos ás competencias matemáticas e lingüísticas.

No caso do alumnado que NON PROMOCIONA, o peso na toma de decisión será o seguinte:

- O 60% o/a titor/a

- O 40% resto profesorado que incide no grupo-clase.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

O equipo docente poderá proponer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaínte ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostran un rendemento académico excelente.

A proposta de "Mención honorífica" farase constar na acta de avaliación (Artigo 5 da Orde do 9 de xuño de).

O equipo docente considerará candidatos/as para outorgar a mención honorífica ao alumnado que cumpra simultaneamente os seguintes requisitos:

- Ter nota media das cualificacións do 6º curso de educación primaria sobresaínte.
- Presentar un nivel alto de adquisición das Competencias.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os centros docentes desenvolverán os currículos do segundo ciclo de educación infantil e de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas seguindo as directrices xerais establecidas na concreción curricular, e ateranse ao que establezan os regulamentos orgánicos dos centros nos que se impartan estas ensinanzas.

Polo que as programacións didácticas desenvolveráanse a través duns apartados que engloben todos os elementos existentes nos dous currículos.

Terase en conta o seguinte:

- O grupo de alumnado e as características do entorno.
- O nivel socio-económico das familias.
- Os recursos externos e internos do Centro educativo.
- Os proxectos nos que esté inmerso o colexio.
- Que tanto os obxectivos como as actividades plantexadas teñan en conta todas as competencias básicas dos currículos co fin de acadalas.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios básicos para a participación do centro en proxectos, plans e programas son:

- Que cubran as necesidades do centro educativo.(Debilidades)
- Que implique o maior número de profesorado
- Que revierta nun beneficio para o alumnado, as familias e o centro.
- Que sexa innovador e que repercuta positivamente na vida do Centro educativo.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, seguirá os seguintes pasos:

- No contexto da avaliación continua a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Valorarase o estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Informes a cubrir na nova normativa de avaliación.

- Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte. Este informe entregaráse á familia (Artigo 6.5 da Orde do 25 de xaneiro de 2022).

- Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das

competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar. Este informe entregárase á familia (Artigo 6.6 da Orde do 25 de xaneiro de 2022).

- No caso de alumnado repetidor, plan específico de reforzo individualizado elaborado polo equipo docente para que, durante ese curso, a alumna e o alumno alcance o grao mínimo de adquisición das competencias correspondentes. Para a elaboración deste plan seguirase o indicado no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021. Este plan será elaborado polo equipo docente do curso no que o alumno/a repita, será de uso interno do centro e enviarase, no caso de traslado durante o curso no que repita, ao novo centro no que se matricule o alumno ou a alumna. Se a familia o solicita, hai que entregarlo (Artigo 6.3 e 6.4 da Orde do 25 de xaneiro de 2022).

o) Outros apartados

1. CRITERIOS DE REPARTO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

- Nº de alumnos/as por clase e sempre que exista a necesidade.
- Necesidades de reforzo verificadas.
- Resultados da avaliación do trimestre anterior.
- Xustificación da necesidade polo mestre/a da materia.

Cando o Equipo Directivo conxuntamente co Departamento de Orientación considere que unha titoría necesite unha atención especial determinará o número de reforzos desa aula.